

Revista Obradoiro

Obxeto
Nome da publicación
Número da revista

Convocatoria aberta
Obradoiro
35

Convocatoria aberta ata o 15 de abril

Título
Institución
Data límite

Prospectiva 1. Paisaxes
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
15 de abril de 2025

Prospectiva 1: Paisaxes

Tamaño da publicación
Número de páxinas
Idioma

Galego

01. Convocatoria

Prospectivas é o proxecto editorial gañador do concurso publicado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para dirixir a revista *Obradoiro* durante os próximos tres números. Esta iniciativa articúlase en tres eixos temáticos que comparten un propósito: abordar os desafíos espaciais e sociais aos que Galicia se enfrenta nos próximos anos.

O termo *prospectiva*, que dá nome a este proxecto, alude ao exercicio de analizar e anticipar o futuro dunha realidade determinada. Con esta actitude, afrontamos a nova etapa de *Obradoiro*, coa aspiración de construír unha mirada colectiva orientada ao porvir. Desde esta perspectiva, propoñémonos explorar como a arquitectura pode —e debe— contribuir a afrontar tres retos clave para Galicia nas próximas décadas:

1. A transformación dos Paisaxes que estruturaran os nosos territorios.
2. A evolución das Urbanidades nas que habitamos.
3. O aproveitamento sostible dos Bens dos que dispoñemos.

A través de tres números monográficos dedicados a *Paisaxes*, *Urbanidades* e *Bens*, *Prospectivas* indaga en estratexias arquitectónicas capaces de dar forma aos futuros do territorio galego. O equipo de dirección editorial de *Prospectivas* o compoñen os arquitectos colexiados Manuel Bouzas, María Fandiño, Roi Salgueiro e Teresa Sánchez.

Neste sentido, conforme ao acordado polo Consello Editorial, o primeiro número desta nova etapa, titulado *Prospectiva I: Paisaxes*, céntrase no estudo das transformacións xeográficas que están a redefinir Galicia. Nel, exploraremos espazos e intervencións que abarcan dende as comunidades de montes ata as costas e corpos de auga, pasando polas áreas de produción agrícola e forestal. Tamén abordaremos a necesidade de desenvolver infraestruturas verdes que respondan aos efectos do cambio climático, poñendo en valor o legado e a vixencia da arquitectura do paisaxe galego.

O obxectivo desta Open Call é seleccionar obras para a súa inclusión no próximo número de *Obradoiro*. Para iso, os traballos serán avaliados en función da súa relevancia e coherencia coa temática do número 35; Paisaxes. As obras seleccionadas formarán parte dun ou máis formatos nos que se articula a revista, que poden abranguer dende a súa edición impresa ata as súas plataformas dixitais.

Esta convocatoria está dirixida a obras construídas no territorio galego, sempre que fosen finalizadas entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 1 de marzo de 2025.

Os traballos deberán ser presentados polos seus autores, seguindo as indicacións detalladas no apartado 05. Material a presentar. Só se admitirán aquelas propostas que se presenten dentro do prazo e no formato establecido. A data límite de envío de propostas remata o día 15 de abril de 2025. O envío da documentación realizarase a través dun formulario de Google Drive habilitado neste [enlace](#).

02. Antecedentes

Desde a súa creación en 1978, a revista *Obradoiro* consolidouse como un referente esencial na difusión dos valores e contribucións da arquitectura á cultura, ao territorio e á sociedade galega. Ao longo da súa traxectoria, contemplou diversos formatos e enfoques editoriais, abarcando dende o último cuarto do século XX ata a súa etapa máis recente, cos números 33 e 34, publicados entre 2008 e 2012. Durante este tempo, a revista serviu como un reflexo das inquietudes do ámbito arquitectónico galego, en estreita relación coa investigación, a docencia e os desafíos culturais e socioeconómicos de Galicia. Así, *Obradoiro* consolidouse como un elemento identitario e un testemuño clave para a comunidade arquitectónica galega.

O 7 de outubro de 2024, co obxectivo de reactivar a publicación, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia convocou un concurso aberto para a dirección e redacción dos números 35, 36 e 37 de *Obradoiro*, correspondentes ao período 2025-2027. Tras unha pausa de doce anos, o proxecto editorial *Prospectivas*, gañador do concurso, propón unha mirada orientada ao futuro, recuperando a identidade e o carácter transversal da revista. O seu propósito é afianzar *Obradoiro* como un canal de referencia na arquitectura, urbanismo e paisaxe tanto de Galicia como de España.

03. Prospectivas

Prospectivas é un espazo para a reflexión e produción de coñecemento. En lugar de considerar a revista como un catálogo de proxectos, exploramos o significado pleno da palabra *Obradoiro* como un lugar de traballo, un punto de encontro de materiais diversos e de intercambio entre persoas, territorios e saberes.

Neste *Obradoiro* exploraremos os *Paisaxes*, *Urbanidades* e *Bens* a través de catro liñas de acción que estruturarán o contido de cada número:

Obradoiro

- Traballos de Campo, incluíndo mapas, fotografías e reportaxes.
- Conversas con actores relevantes na construción do país.
- Ensaíos como ferramenta crítica de reflexión.
- Obras que poñan en valor a arquitectura galega recente.

Con esta pluralidade, buscamos cuestionar a idea dunha revista endogámica, limitada unicamente á profesión. *Prospectivas* está pensada para que o público en xeral coñeza as aportacións que o noso colectivo pode facer para afrontar os retos comúns. No contexto actual de incerteza climática, social e política, *Obradoiro* ten a oportunidade de consolidarse como un soporte cultural de referencia, desde o cal explorar os futuros do noso territorio.

A nova etapa de *Obradoiro* aspira a:

- Estar orientada ao porvir e a intervir no debate público. Os tres números miran cara aos retos espaciais e sociais aos que se enfrenta Galicia nos próximos anos.
- Xeración de coñecemento e traballo de campo. *Prospectivas* caracterízase por levar a cabo unha investigación específica para cada tema. O *Obradoiro* enténdese como un lugar de traballo e encontro de saberes.
- Ser unha revista concebida como un conxunto temático. Os tres números buscan xerar un retrato vivo e amplo de Galicia. Representarán o conxunto das problemáticas sociais, espaciais e ecolóxicas que o noso país enfrenta.
- Revelar novas áreas para o exercicio da nosa disciplina. *Prospectivas* mostra novos modos de deseñar, construír e exercer. Busca descubrir os campos de traballo que debemos abrir para responder aos desafíos que temos por diante.
- Estar aberta ao conxunto da profesión. A revista representa aos arquitectos que deseñan e constrúen, pero tamén a aqueles que ensinan e investigan, que fotografían e divulgan. Todos os colexiados poden participar mediante unha Open Call de selección de obras.
- Ser accesible e estar aberta á cidadanía. Orientada a intervir no debate social, a revista busca chegar ao conxunto da cidadanía. O seu deseño resoa cos códigos das revistas de divulgación xeral, e o ton dos reportaxes busca conectar co gran público. As nosas redes sociais manteñen vivo o debate ao longo de todo o ano.

04. Paisaxes

O número 35 de *Obradoiro* estará encadrado na temática: Paisaxes.

A paisaxe é o patrimonio común de Galicia. Artellados en torno a rías, costas e corpos de auga, ou situados en vales ou montes, os nosos asentamentos manteñen unha íntima relación coa súa xeografía. Do mesmo modo, boa parte dos nosos sistemas produtivos fan uso intenso das nosas paisaxes. A singularidade da paisaxe galega distínguese respecto doutras áreas da xeografía ibérica e constitúe hoxe un dos grandes valores de Galicia. O primeiro número desta etapa de *Obradoiro* quere celebrar a nosa paisaxe e explorar como pode artellarse nas vindeiras décadas para continuar a servir como sostén da economía e a cultura galega. *Paisaxes* é un exercicio de recoñecemento da diversidade da xeografía galega e das oportunidades que esta ofrece.

Historicamente, a densidade de poboación en Galicia levou a que as nosas paisaxes fosen sempre paisaxes construídas. Hoxe, esa construción inclúe a transformación e explotación das masas forestais, a aparición de novas contornas enerxéticas e o incremento nas solicitudes de aproveitamento doutros aspectos do territorio, como a minaría. Por mor da intensidade destas transformacións, a paisaxe converteuse na última década nun tema clave de debate público e tensión social. *Paisaxes* é unha intervención nese debate público. O seu obxecto é expoñer a relevancia da paisaxe para dar resposta aos retos cruciais do futuro. O mantemento da biodiversidade, a mitigación do cambio climático, a resiliencia ante os seus efectos e a transición enerxética requiren respostas. Estas necesidades non se cinxen á intervención no espazo natural. Reforzar a cultura da paisaxe leva á transformación das nosas cidades e vilas. O primeiro número desta serie documenta a variedade de condicións que demandan o deseño da paisaxe e como intervir nelas.

As arquitectas e arquitectos galegos están a realizar xa unha nova arquitectura da paisaxe que pon en valor a nosa xeografía, modos de usar o territorio e as condicións da nosa ecoloxía. A calidade do seu traballo está a ter un amplo e xusto recoñecemento nacional. *Paisaxes* apoiase nese traballo xa realizado para reivindicar unha maior atención á cultura do territorio e para expandir o seu campo de acción. Os futuros urbanos, territoriais e ecolóxicos de Galicia pasan por atender e coidar o deseño desde a paisaxe.

05. Requisitos de participación

Poden concorrer á presente convocatoria todos os/as arquitectos/as Colexiados/as no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ou en calquera outro colexio de España que se atopen en plenitude dos seus dereitos como Colexiado/a e plenamente habilitado/a para o exercicio da profesión de arquitecto/a e que sexan os autores de obras construídas

Obradoiro

no territorio galego, sempre que fosen finalizadas entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 1 de marzo de 2025. Os traballos deberán ser presentados a través do formulario habilitado neste [enlace](#). O contido constará de:

1. Ficha Técnica

- Título do proxecto
- Nome do estudo
- Autores da obra
- Colaboradores
- Datos de contacto
- Localización
- Promotor
- Data de inicio/finalización

2. Material Gráfico

- Ata 10 fotografías da obra (exteriores, interiores, contexto, detalles, etc.)
Formato: JPEG, 1 Mb máx. por imaxe, 1000 px. no lado menor, 300 dpi
Nome do arquivo: NomeEstudio_fotografia_XX (sendo XX: 01, 02, 03, etc.)
- Ata 5 debuxos do proxecto (localización, planta, sección, detalles, etc.)
Formato: JPEG, 1 Mb máx. por debuxo, 1000 px. no lado menor, 300 dpi
Nome do arquivo: NomeEstudio_debuxo_XX (sendo XX: 01, 02, 03, etc.)
- Opcional: ata 5 imaxes do territorio e paisaxe claves no proceso de ideación.
Formato: JPEG, 1 Mb máx. por imaxe, 1000 px. no lado menor, 300 dpi
Nome do arquivo: NomeEstudio_paisaxe_XX (sendo XX: 01, 02, 03, etc.)

3. Memoria

- Descrición xeral da obra.
Exemplo: Localización, contexto, ideación, construción, escala, materiais, etc.
Máx.: 1.000 caracteres (aproximadamente 150 palabras)
- Descrición da relación do proxecto coa temática da revista
Temáticas paisaxe, medioambiente, topografía, clima ou ecoloxía, etc.
Máx.: 1.000 caracteres (aproximadamente 150 palabras)

06. Proxectos seleccionados

Os autores seleccionados deberán proporcionar ao equipo editorial calquera documento adicional que sexa necesario para explicar o proxecto. Estes documentos poden incluír debuxos, fotografías, materiais de arquivo, entre outros, e se definirán en conversación co equipo editorial. En calquera caso, os editores resérvanse o dereito de seleccionar todos os materiais presentados e de harmonizar gráficamente o contido.

Toda a documentación presentada a esta convocatoria, así como calquera material adicional que se poida proporcionar para a exposición, estará exenta de dereitos de reprodución en calquera formato ou medio. Isto inclúe a difusión do contido da revista *Obradoiro* tanto en formato físico como dixital (páxinas web, redes sociais, etc.), así como nas súas exposicións.

Os estudos/autores seleccionados comprométese a entregar toda a documentación requirida antes da data límite (15 de abril de 2025).

07. Xurado e criterios de selección

A selección de proxectos realizarase mediante criterios de adecuación ao proxecto editorial do presente número: *Prospectivas I: Paisaxes*. O xurado estará composto por:

- Ginés Garrido, Arquitecto de recoñecido prestixio no campo da paisaxe
- Margarita Jover, Arquitecta de recoñecido prestixio no campo da paisaxe.
- Manuel Bouzas, director editorial de *Obradoiro: Prospectivas*
- María Fandiño, directora editorial de *Obradoiro: Prospectivas*
- Roi Salgueiro, director editorial de *Obradoiro: Prospectivas*
- Teresa Sánchez, directora editorial de *Obradoiro: Prospectivas*

08. Prazo

O prazo de envío de propostas remata o 15 de abril de 2025 ás 23:59 CET. O xurado comunicará a súa decisión nas semanas posteriores á recepción da documentación.

09. Incompatibilidades

Considéranse incompatibles para participar na presente convocatoria: os membros do xurado, do consello editorial, así como os seus socios/as profesionais, colaboradores/as habituais e os seus achegados por consanguinidade ou afinidade. A incompatibilidade estenderase a familiares ata 4º grado de consanguinidade e 2º de afinidade, así como a conviventes como parella de feito.

10. Propiedade intelectual e dereitos de terceiros

Os participantes deberán ser titulares dos dereitos de propiedade intelectual sobre traballos, proxectos, fotografías e/ou planos presentados, e/ou contar con todos os dereitos e/ou facultades para o uso, reprodución, comunicación e difusión dos mesmos e comunicar aos promotores e/ou propietarios, no seu caso, previamente, a presentación da candidatura e os datos, a documentación e imaxes que a acompañan e obtida a súa conformidade. Os participantes fanse responsables da documentación facilitada, manifestando que a mesma non infrinxe dereitos de propiedade intelectual nin de imaxe de terceiras persoas, nin calquera outro dereito de terceiros e, así mesmo, exoneran ao COAG de calquera responsabilidade respecto diso. Por tanto, o participante responderá directamente ante calquera reclamación, queixa ou demanda de terceiros con relación á vulneración ou infracción dos posibles dereitos que puidesen derivarse da documentación entregada ou como consecuencia da presentación da mesma á presente convocatoria mantendo indemne ao COAG.

11. Publicación e Difusión

Os autores das obras ou proxectos participantes autorizan ao COAG para o uso, distribución, comunicación pública, exhibición, reprodución, publicación e difusión por calquera medio, conxunta ou individualmente, das candidaturas presentadas e toda a documentación e imaxes que a integran, podendo, en consecuencia, aparecer en calquera tipo de soporte, editado, impreso ou dixital, vinculado co COAG e a difusión das súas actividades, incluído Internet, e cedendo ao COAG todos os dereitos de explotación da propiedade intelectual que das publicacións resultantes puidesen xerarse, sen limitacións de tipo territorial nin temporal e sen que os cedentes poidan

reclamar contraprestación algunha, nin dineraria nin de ningunha outra clase. Así mesmo, autorizan ao COAG para poder presentar o conxunto das obras premiadas, como un todo, a outros premios, certames ou convocatorias que o Colexio estime axeitadas. Non se poderán utilizar os traballos e documentación presentados, salvo acordo e consentimento expreso dos seus autores, para outros fins distintos aos vinculados á publicidade e difusión da convocatoria e das actividades do COAG, e aos descritos nestas bases.

12. Información sobre tratamento de datos persoais

O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (COAG) tratará os datos de carácter persoal consignados na súa solicitude de participación e na documentación que acompañe, ou sexan xerados a consecuencia da súa participación na convocatoria, coa finalidade da xestión do certame e o cumprimento das funcións e obrigas legais. A lexitimación para o tratamento é o seu consentimento e o cumprimento das funcións de interese público e obrigas legalmente impostas ó COAG. Os datos solicitados no formulario de participación resultan necesarios para a comprobación do cumprimento dos requisitos de participación e a valoración da súa candidatura polo comité de selección. Se non facilita estes datos, podería ver rexeitada a súa solicitude de participación. Se o participante proporciona datos de terceiras persoas coa súa solicitude, ten a obriga de informar debidamente ós terceiros e, no seu caso, obter o seu consentimento explícito. Os datos que proporcione o participante comunicaranse ó comité, a outros participantes no certame e ós colexiados. Así mesmo, os datos da candidatura comunicaranse ó público mediante a súa publicación no sitio web do COAG, e a través da súa posible difusión polos medios de comunicación. Os datos tamén poderán comunicarse en cumprimento das obrigas legais do COAG, en particular, as relativas a transparencia e bo goberno. Os datos conservaranse mentres sexan necesarios para a xestión da convocatoria a súa difusión e publicidade, e para dar cumprimento ás obrigas de arquivo ou rexistro público. organización colexial As persoas interesadas poden exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos datos, de limitación e oposición ó tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas só no tratamento automatizado dos datos ante o COAG, na súa sede ou no email: secretaria@colexiodearquitectos.org Cando o tratamento estea baseado no consentimento do interesado, este poderá retirar o consentimento en calquera momento. No caso de que o interesado estime que non se está a realizar un tratamento adecuado dos seus datos, pode presentar unha reclamación ante o Delegado de Protección de Datos designado (dpd@coag.es) ou ante a Agencia Española de

Protección de Datos (www.aepd.es).

13. Información e Consultas

As consultas remitiranse por correo á secretaria permanente da revista durante o periodo no que o prazo de presentación este aberto: revistaobradoiro@coag.es

14. Aceptación e cumprimento as bases

A concorrencia a esta convocatoria implica o coñecemento e total aceptación das súas bases. O incumprimento de calquera cláusula das bases pode ser motivo de exclusión da convocatoria e de retirada, no seu caso, da condición de seleccionado/a.